

TARAGOÑA

E

ARAÑO

MÁXICO

BIBLIOTECA VIRTUAL



BREA SEGADE



Desde a Biblioteca Virtual Brea Segade comprácenos ofrecervos esta mostra da cultura popular do concello de Rianxo.

Trátase dunha escolma de lendas tradicionais recollidas pol@s alumn@s do C.E.P. Xosé María Brea Segade no ano 1997, baixo a dirección dos profesores José Antonio González Vilariño e José Manuel Fernández Escudero. Publicáronse por vez primeira no número 10 da revista A Bujina e hoxe volven para ser editadas na rede.

Dado o seu alto valor etnográfico consideramos que o noso blogue era a forma máis doada de divulgación, abrindo unha nova porta para a investigación e a recuperación do patrimonio inmaterial do noso Concello.

En próximas entregas daremos a coñecer máis lendas, variantes das xa coñecidas, materiais gráficos, unidades didácticas, etc. Polo de agora, aí vai esta pequena mostra.



• **MEIGALLOS: MAL DO AIRE E MAL DE OLLO**

MAL DO AIRE:

É enfermidade de nenos. Estes achícanse aínda que coman ben.

Parece ser que os nenos pequenos collen o aire dos animais ou defuntos que non sexan da familia. Para sacarllelo hai que buscar loureiros e levalos para a casa, pero non se pode falar disto con ninguén. Hai que facer con eles unha boa labarada, lavar ben ao rapaciño e espido pasalo tres veces por enriba do fume, dicindo ao tempo estas palabras:

“Loureiro que fostes nado
e non fostes enxertado
tíralle o aire do vivo
do morto e do excomungado”.

Despois xúntase a borralla e bótase nun pucheiro, engadíndolle auga e ponse a cocer. Posteriormente pásase por un pano, apertándoo ben para que escorra. A borralla que queda secarase un día que quente ao sol. Transcorridos nove días saberase se o aire proviña dun animal, dunha persoa ou dun defunto.

Rocío Bouzas, 8ºA

Yolanda, 8ºB

MAL DE OLLO:

O enfermo acusa abatemento, canseira... ou calquera enfermidade que non ten causa coñecida.

-Cando unha muller mira para ti intensamente, desexando o que tes, pode estar botándoches o mal de ollo.

-Cando unha muller embarazada desexa o que ti tes, aos poucos días pódete aparecer un vulto pequeno no ollo, chamado «orzón».

Silvia Abuín, 6ºA

A MEIGA LEVOU O SEU PAGO

Pasou que estaban muxindo na vaca, e en vez de dar leite daba sangue. Os da casa botárono nunha tixola e puxérono a ferver á vez que lle facían cruces cun coitelo. Fora un meigallo. A vaca sandou, e a meiga apareceu cos sinais dos cortes na cara.

Antía Melba, 5ºB

MEIGALLOS

A un home de **Pousada (Araño)** esquecéuselle falar galego porque tiña o demo dentro. Cando fixo a cruz na boca volveu falar galego e o demo desapareceu.

Marisol Rodríguez 8ºC

A unha muller parecíalle que lle botaran un mal de ollo, polo que foi consultar o asunto xunto dunha meiga.

Esta díxolle que para romper o mal de ollo tiña que ir ao monte, esperar ata cruzarse con sete persoas, logo tiña que coller unha pedra, a primeira que vise, e volver para a casa. Alguén lle preguntaría de onde viña: esa era a persoa que lle botara o mal de ollo, e entón para rompelo tería que tirarlle a pedra entre ollo e ollo.

A muller fixo todo como lle indicou a meiga e tan pronto como volveu á casa, unha veciña preguntoulle de onde viña. A muller tiroulle a pedra entre os ollos. Dende aquela a muller tivo unha vida totalmente normal.

Alfonso 8ºA

Unha meiga botoulle un meigallo a un home polo que a roupa que tiña ao lombo, e mesmo a que estaba a clareo, enchéuselle de piollos.

Ferveu a roupa en auga morrendo tódolos piollos, máis ao día seguinte tiña xa outra colleita. Comprende que era cousa de meigas, foi xunto da meiga de... ameazouna de morte e o día seguinte xa non había nin rastro de piollos na roupa.

Álvaro, 8ºC

• AGOIROS E PREMONICIÓNS

Os agoiros e premonicións son sinais que nos mostran o porvir. Tal vez os agoiros máis importantes do alén para o noso pobo, sexan os da morte:

-É agoiro de morte o canto do moucho.

-Cando ouvea un can, morre alguén en sete leguas á redonda.

-Se un paxaro peta na fiestra, tráechela de que morreu alguén.

-Cando ves unha bolboreta das cores das roupas dos curas, e que morre alguén da familia.

-Cando recende a cera ou aceite, sen motivo, é agoiro de morte. Disque son as ánimas que pasan, deixando o olor das velas acesas.

-Os corvos son sinal de morte. As pegas tamén.

-As galiñas, que cantan o mesmo cos galos dan sinal de morte.

VARIOS:

Hai persoas que teñen poderes premonitorios:

Pénsase que se o cura bautiza a un pequeno, tendo posta a estola dos mortos, o bautizado terá poderes adiviñatorios.

Tamén se unha muller embarazada está presente nun velorio, o rapaciño ou meniña, cando naza será vidente... Así mesmo, o que nace no día de defuntos vai ser capaz de ter premonicións, sen sentir medo.

Estes videntes poden traspasalos poderes pisando nos pés aos seus acompañantes.

Tal pasou cun home e unha muller de **Cerqueiras** cando ela afirmaba que ao seu carón camiñaba un can pequeno. O home non vía tal can, mais cando a muller lle pisou o pé dereito, vírono xa os dous.

Darío Arufe, 8ºA

Un home viu a unha veciña, moribunda, pasar da herba. Aos dous días morreu. O que vira fora o seu espírito.

Luz Iglesias 8ºA

Cando vés a unha persoa que vai en dirección da igrexa, ten morte en pouco tempo. Se a visión cha representa en dirección contraria, ten morte, pero aínda lle queda ben tempo.

Darío Arufe 8ºA

Indo cara a **Ourille** un mozo, que volvía dunha festa, sentía pasos detrás del; miraba e non vía a ninguén. Botou a correr e estando xa na casa chamaron á porta, saíu e alí non había ninguén. Ao día seguinte morreu seu tío.

Joaquín Suárez 8ºA

• **O DEMO, O PORVISO E TAMÉN OS TRASNOS**

O demo é o inimigo de Deus e dos homes. Coñece o pasado, o presente e o porvir. Adoita aparecérsele á xente en forma de animal, ou de señorito falando castelán. Se tan só quere rirse da xente, entón é un trasno...

ERA O PORVISO...

Dúas mulleres de **Corques** encontraron un año tremendo de frío. Para salvalo levárono a cociña e quentárono á vez que lle daban leite a beber. Dende que lle quitaron o frío, púxose a dúas patas e deu en dicir:

-Jujurujú... dúas mozas de **Corques**, quentáronme o cu!

Logo escapou pola cheminea arriba, seguindo coa cantiguiña...

Sergio Rial Lorenzo 1ºESO

DE CAMIÑO PARA O MUIÑO...

Ía para o muíño un home de **Fachán**. Tiña que atravesar-lo río por uns pasais. Era xa de noite e atravesáballe un carneiro cortándolle o paso. Se o home arrimaba a un lado, o carneiro achegábase tamén. Botaron na porfía un bo anaco... E visto, non visto, o carneiro desapareceu...

Sergio Rial Lorenzo 1º ESO

A HIXIENE DO TRASNO

O trasno métese nos pucheiros do leite, lava o cu e desaparece en forma de fume.

Ramón Otero Agrelo 1º Eso

COMO CALLA O LEITE

Ninguén se explicaba como callaba o leite. Cóntase que un home estaba a muxir unha vaca e ía baleirando de a pouco; e nesto ao revólverse viu tres pequenos trasnos a remexer. Ao seren vistos, botaron a correr e o leite estaba callado.

Tania Pérez 1º ESO

O CARRO

Algunhas veces os carros, cando ían cargados, pesaban demais; os trasnos subían a eles e as vacas paraban.

John Evans 8ºA

VIRALOS TRASNOS

Na **Pastoriza** ao trasno coñéceselle coma un neno vestido de verde que fai falcatruadas e que desaparece cando se consegue cambiar.

Nacían poucos nenos na aldea. Ao nacer un trasno; mentres non o conseguía roubáballe as galiñas, o porco...

Carolina Lorenzo 1º ESO

EXCONXURO

Os trasnos petan nas portas. Para que non volveran había que bendicila deste xeito:

«Trasniño, trasnada da cas furada tres veces rodeas a mar salgada antes de entrar en mi casa morada».

Faise o ritual rodeando a man cun dedo.

Alicia Rey 1º ESO

• LENDAS MÍTICAS

As lendas configuran a riqueza cultural dos pobos. O noso, certamente é rico pola gran cantidade destes tesouros que garda transmitíndoos oralmente, no devir dos séculos. Velaí unha mostra...

A COBRA ENCANTADA

Contan que preto do pozo de **Amieiros (Buía)** hai unha cobra encantada. Pola noite de San Xoán sae moi fera con sete cabezas. Para desencatala hai que dicir un esconxuro ó mesmo tempo que se lle dá un bico en cada cabeza. Deste modo vaise amansando e convértese en galiña de ouro con sete pitos de ouro tamén

A FONTE DOS SEIXOS

Nas brañas de **Foxacos**, indo cara o **Castriño**, hai un lugar chamado **A Fonte dos Seixos**; alí aparecía unha «señora» cunha tenda. Un home que a viu, achegouse...

-¿Que lle gusta da tenda?

-As tesoiras.

-As tesoiras son boas para cortar o corazón.

O noso home escapou do lugar preso do medo. Dis que se respondía que lle gustaba a tenda enteira e a señora, quedaría rico e cheo de ouro.

Alberto Iglesias 8ºA

A SERPE CON SETE CABEZAS

No monte de... (**Buíá**), un home foi beber á fonte, e nesto aparecéuselle unha muller que así lle falou:

-Se esperas e tes paciencia, dará aparición unha serpe con sete cabezas; ti haslle de dar un bico en cada cabeza; e pódeste ir esquecendo do traballo, xa que todo o ouro será teu.

Meu dito, meu feito. Ao ver semellante serpe, o home botou a correr cara a casa, alí caeu redondo.

Darío Arufe 8ºA

A PATA DA MULA

No lugar de **Carreira Cova**, en **Buíá**; mesmiño no cruce da **Ferrería**, hai unha caldeira de ouro enterrada cunha pata de mula dentro. O que a atope, quedará para sempre rico.

Certamente aínda ninguén deu con ela, pois non é doado atopala xa que cada vez entérrase máis pois cáenlle barrancos de terra polos dous lados.

Darío Arufe 8ºA

A PISADA DA CABRA

En **Carreira Cova** tamén hai unha pisada de cabra, gravada nunha pedra. O que a descubra teraa trocada en ouro.

Alberto Iglesias 8ºA

A FONTE DE CAMPÓS

Os máis vellos do lugar lembran que na fonte de **Campós**, subindo pola costa de **Foxacos**, a todo rapaz que se achegara, aparecíanselle sete bruxas. Collían aos rapaces, levábanos para debaixo da fonte e deles non se sabía endexamais.

Alberto Iglesias 8ºA

A ÁRBORE QUE FALABA

Cando meu avó era mozo (eu teño hoxe 14 anos), había en **Foxacos** unha árbore que semellaba falar por unha rama. Tódolos domingos acudían multitudes e quedaban pampos. Alguén lle cortou a póla e dende aquela nos se soubo máis do acontecemento...

Alberto Iglesias 8ºA

O SAN XOAN DE FOXACOS

Frecuentemente aparecía nunha fonte o santo San Xoán. Moitos foron velo. Un bo día dise que o santo se transformou nunha figura. Levárono para un descampado e alí construíuse a capela de San Xoán na **Hermida**.

Celsa Miguéns 1º ESO

A FONTE DE PIOLLOS

A Fonte dos Piollos (Buía) era, tódolos venres, lugar de reunión das bruxas -sabemos que en Taragoña a reunión facíase na ponte da **Senra**-. Alí repartían os piollos e botábanllos a quen querían. Nisto estaban cando unha das bruxas pediu un ferrado deles para botarllo ao seu compadre. O tal estaba oíndo, e falou así:

-E, non serán moitos?

Oído isto, as bruxas botáronse tras del. Nun lampo púxose na casa, fechou a porta, e nela quedou cravado un rastrelo, que con toda a rabexa do mundo lle lanzaron as bruxas.

Alberto Iglesias 8ºA

O URCO

Aínda se dá fe de que o Urco saía do mar en **Rianxo** polo **Sucadio**, (hoxe zona recheada). Logo reuníase cos cans das aldeas; en gran tropel percorrían **Rianxo**, comezando pola **Pontiña**, ouveando e sempre cos cans detrás... Metíase no mar polo **Casal**.

Alberto Iglesias 8ºA

O ENCANTO DO RIO TREITE

Hai un encanto no río **Treite** (ao río **Te** noméaselle así, onde se agranda, ao seu paso polo **Carballal**). O encanto, unha galiña con pitos, sae cada cen anos. A pedra do encanto, ten os buracos dos pitos e un grande no medio, o da galiña. O que consiga ver a polada e lle faga sangue, converteránselle en pedras preciosas, facéndose cun gran tesouro.

Celsa Miguéns 1ºESO

• AS ALMIÑAS

Hai a crenza de que os mortos aparecen ante os vivos pedindo certas axudas para poder descansar eternamente en paz.

Así pasou cunha familia de **Taragoña** á que lles morreu unha irmá. Poucos meses despois do pasamento á outra irmá empezaron a pasarlle cousas moi raras: por onde ela ía caían pedras; se estaba na cociña levantábanse os testos das tarteiras, etc...

Entón falouno cos outros irmáns e entre todos pensaron que a súa irmá morta tiña falta dunha misa e estaba «avisando».

Así foi, tivéronlle unha misa e pasou todo.

Noelia Piñeiros 8ºC

Unhas mozas de **Asados** ían vender leña a **Rianxo** atopáronse co sancristán (que estaba dando unha oración), alí mesmo sentaron a descansar. O sancristán ordenoulles levantarse e que non volveran sentarse alí xa que podían molestar ás «almiñas».

Unha familia de... vía andar unha luz vermella arredor da súa casa tódalas noites. Se saían mirar non vían nada. Cando se deitaban sentían subir as escadas da súa casa, pero na súa porta non petaba ninguén. Botaron serraduras nos banzos... pero nunca había pegadas.

Tiveron que marchar da casa. Logo recomendáronlles ir á consulta dunha bruxa, esta díxo-

lles que os seus visitantes eran espíritos que tiñan falta de misas.

Os donos da casa, ofreceron varias misas e remataron as luces a carón da súa casa e os ruídos nas esqueiras.

Vanessa Rodríguez 8ºC

A miña avoa contoume que lle contara a súa avoa que cando era nova acordara un día moi sobresaltada, mirara para os pés da súa cama e alí viu á tía Visita. Levára un gran susto, pois a tía Visita había tres meses que morrera.

A avoa da miña avoa preguntoulle:

-Que requires? (Así é como hai que preguntarlles aos aparecidos).

A tía Visita díxolle:

-Non te asustes, só quero pedirche o teu corpo para ir á romaría do Nazareno; pois non puiden cumprir en vida unha promesa que tiña feita e preciso facelo agora.

A avoa da miña avoa (ou sexa, miña tataravoa) aceptou e o día da romaría saíu para a Póboa. Era un día moi soleado e ao ir andando viu a súa sombra e a da tía Visita, así foi ata a igrexa. Entraron, rezaron polas súas intencións e cando miña tataravoa volveu para a casa, xa só a acompañou a súa sombra.

Anónimo.

• CRENZAS SOBRE O MÁIS ALÁ

As crenzas ao redor da morte aséntanse ás veces preto do mundo dos vivos e outra veces xa están máis achegadas ao mundo dos mortos.

MISA DE ÁNIMAS

Unha muller de... tiña necesidade de ir a **Rianxo**. Saíu moi cedo da súa casa, máis da conta, pois non tiña reloxo. Viu un grupo de xente a canta-la misa... ela aproximouse tamén. Alí estaba unha coñecida súa que morrera había uns días. A defunta empuxouna para que non se sumara á comitiva. Pronto desapareceu todo, aínda que a nosa muller seguiu a escoitar pasos...

Santiago Pereira 8ºB

O SANCRISTÁN

O Sancristán do **Araño** de hai... anos. Unha noite, cando estaba a pechala igrexa, pensou que lía o cura. No libro había que ler do revés e el leu do dereito. Entón encheuse a igrexa de xente vestida de branco, encapuchada e con velas acesas. Escapou a correr con aquela xente perseguíndoo...

O seguinte día apareceu ben lonxe, cheo de cera e el mesmo vestido de branco.

Alvaro Mosquera 8ºB

A COMPAÑA

No **Araño**, unha muller viña do monte a noitiña, sentada no carro. Viu moitas luces que se dirixían cara unha casa, tamén oíu un acompañamento dunha pequena campá que tocaba. Pasaron tres días e a muller que vivía naquela casa morreu.

Lorena Rial Otero 1ºESO

TÍO E SOBRIÑO

Un tío e mailo sobriño estiveron a traballar nunha leira. Ao non remata-lo traballo, acordaron volver ao día seguinte. Ao sobriño, de camiño para a súa casa, sentouse a descansar no pé dun cruceiro... Coma un «aviso», un ruído de campaiñas...

Ao día seguinte, xa non traballo, seu tío díxolle:

-Non te sentes nunca nun cruceiro pola noite.

-E logo... meu tío?

-Eu estaba na Compañía onte pola noite. Tiveches sorte...

Alberto Iglesias 8ºA

Para evita-la Santa Compañía, hai que estar na casa antes das doce da noite. Ao estar na cama facer tres cruces dicindo: «Na bendición de Deus Pai, Fillo e Espírito Santo, Amén».

Sheila Reboiras 8ºB

Cando vexa-la Santa Compañía diraslle: «Meus anxiños de Deus, vós fostes coma nós e nós habemos de ser coma vós. Dádeme licencia para pasar diante de vós».

Lorena Martínez 1º ESO

Cando morre alguén hai que deixar unha ventá aberta cun vaso de auga, para que así a Santa Compañía poida entrar e confesar ao defunto.

Nuria Martínez 8ºB

LEVAN A ALMA

Dous homes ían por **Campo Maneiro** para traballar ás minas, nesto viron unha luz acesa no medio do monte, era a Santa Compañía; volveron ás carreiras ata **Campo de Pazos**. Pegáronse ao cruceiro e puxéronse a rezar. A Santa Compañía seguiuunos e meteuse dentro deles.

Cando se ve a Compañía non se pode rezar, porque senón lévanche a alma. Para evitalo téns que facer un círculo na terra e meterte dentro.

Nuria Martínez 8ºA

A COMPAÑÍA NON AVISA DÚAS VECES

Hai tempo que ocorreu en **Buía** e o conto foi que era un home que non cría na Santa Compañía. Un día apareceuille e tirouno a unha silveira. Tivo moita sorte, pois a Santa Compañía non avisa dúas veces.

Alexandro González 8ºA

PELOS TORTOS

Diciáse que había un home chamado «Pelos Tortos» e sementou sandías. Unha noite cando as estaba a gardar, veu a Compañía dicindo:

-Cando estabamos vivos, aí!

andabamos por estes camiños,

e agora que estamos mortos,

andamos por estes hortos
en busca de Pelos Tortos.

Ao oír isto, Pelos Tortos escapou a correr, e os outros coméronlle as sandías.
Natalia Martínez Carreño 8ºC

• **AMULETOS**

Os amuletos son remedios populares coa finalidade de protexer a persoas, animais domésticos, moblaxe e colleitas.

PROTECCIÓN DOS MENIÑOS

Un meniño nunca debe pasar por debaixo da mesa; nin unha persoa adulta pasarlle por riba, xa que entón non medra.

-Ós nenos non se lles leva ao muíño denantes de falar, pois pódese adiar a fala.

-Cando se lles leva a bautizar, non se lles pode ensinar a ninguén ata vir de volta.

-Cando pasa un defunto, hai que espertalos se dormen, porque collen o aire.

Pablo Figueira 1º ESO.

-A madriña, antes do bautizo, debe poñerlle tres dentes de allo envolveitos para que espante o mal de ollo.

Raquel González 1º ESO.

PROTECCIÓN DE ADULTOS

-Se colles unha pluma de curuxa, tes sorte toda a vida.

Tania Pérez 1º ESO

-Para defenderte contra a envexa e bo levar allos no peto ou tres grans de millo.

Luz Iglesias 8ºA

-Á noiva dásele loureiro o día da voda para desexarlle feliz unión.

-Para atraer os bos espíritos e ter sorte no matrimonio, pódense empregar tanto as follas coma os froitos ou as flores da laranxeira.

-Para conservar a xuventude tomarase mirto preparado en forma de bebida ao longo dunha semana.

Yolanda 8ºB

-Se queimas as camisas das bruxas, arden elas tamén.

Mónica 8ºB

-Meter as mans no peto e agarrar un anaco de pan, serve de protección ao ver a Compañía.

Javier Bustelo 1º ESO

-No momento da Consagración non se pode mirar para atrás para evitar o mal de ollo.

Luz Iglesias 8ºA

-Dá boa sorte atopar dúas espigas xuntas.

Óscar Outeiral 6ºA

PROTECCIÓN DE ANIMAIS

-Para protexer aos porcos, cando veñen da feira, hai que metelos no cortello de recú.

-Cando se compra un animal na feira hai que cuspirle na boca, para escorrentar ás meigas e facerlle cruces cun allo no lombo.

Pablo Figueira 1ºESO

PROTECCIÓN DE ENSERES E COLLEITAS

-Se non queres que veñan as meigas, deixa na porta uns poucos maios.

Óscar Outeiral 6ºA

-A auga bendita na Semana Santa, emprégase para bendicir tódalas propiedades.

-Dúas, tres ou máis espigas apegadas e postas no faiado, dan boa sorte e fan escorrentar os lóstregos.

Sheila 8ºB

-Para que as patacas non agromen, hai que pórles ramallos de eucalipto por enriba.

Maite Cespón 8ºA

-Para desfacer a tronada hai que deixar na lareira un sitio sen que arda o lume nel, aparta a tronada de enriba da casa.

Ana Mª Agrelo 8ºA

• REMEDIOS POPULARES

A medicina ten moito que ver co instinto de conservación, como todos desexamos estar o máis posíbel por estas terras, a tradición popular creou e buscou remedios desde tempos moi alá.

DOR DE BARRIGA

-Rústrese ruda en aceite, e frégase a barriga cando o composto estea temperado. (Ánxela, 8ºC)

-A ruda tódolos males cura, menos os da sepultura. (J. Ramón Quintáns 1º ESO).

DIARREA

-As pebidas de uvas fervidas en auga, corta de raíz este mal.

-Os gromos novos das silveiras fervidos en auga tamén son moi eficaces para este mal. (Ester Ramos 1º ESO)

EXTRINXIMENTO

-A raíz do *ouropés* fervida en auga combate o estrinximento.

-Se prefires podes beber a auga de cocer os «caracois», (bolechas redondas de carballo).

Alberto Iglesias 8ºA

LOMBRIGAS

-Cóllese a flor de codeso e ferveuse en auga, logo bébese morna.

Verónica Piñeiro 8ºB

-Co *cecimbre*ⁱⁱ esmagado eliminas as lombrigas, trazando cruces polo corpo. Tamén respirando o cheiro das follas.

Alberto Iglesias 8ºA

-Nun vaso con auga botas dous dentes de allo picado, déixalo a serenar toda a noite e bébelo antes do almorzo.

Antía Melba 5ºB

OÍDOS

-Rómpese a croia do pexego; frítese a semente e ao arrefriar bótase a pingas no oído doente.

Cristina Vidal 1ºESO

TOSE

-Córtase a folla da *figueira chumba*ⁱⁱⁱ en dúas láminas, bótase azucre e póñense nun prato. Vai escoando un bálsamo que se irá bebendo.

Ánxela 8ºC

-As piñas (inflorescencias) das vides, dende que purgan, hanse cocer nun litro de auga e medio de azucre.

Celsa María Miguéns 1ºESO

GORXA

-Hai que ferver malva en pouca auga, xa fría faranse gargarexos.

Marisol 8ºC

CATARRO

-Poñer no cuarto eucalipto fervido en auga e respirar os vapores.

Francisco X. López 1ºESO

-Leite quente con caña.

PICADURAS

-A *herba abelleira*^{iv} cura as picaduras de avésporas e demais insectos, tamén a das ortigas.

Maite Cespón 8ºA

-Un emplasto de barro ou lama (terra amasada con auga) posta sobre a picadura, cura de contado.

Antía Melba 5ºB

CABALO

-Ruda con aceite e allos para cura-los cabalos, (doenza ao torce-lo pescozo).
Fco. Javier Durán 1ºESO

MOAS

-Non hai coma a ruda.
Marisol 8ºC

FLEMÓNS

-Borralla, vinagre e estrugas a montóns.
Tania Pérez 1ºESO

-Parches de liñaza.
Diego García 8ºA

CALLOS

-Córtase un allo e ponse enriba do callo. Repítese uns cantos días, abrandando e cae.
Figueira 1ºESO

A DISIPELA (PEL)

-De onde vés Pedro?
-Veño de Roma.
-E, que hai por alá?
-Moita *disipela*^v.
-E con que se cura?
-Con xunco do monte, aceite de oliva e la de ovella viva.
Celsa María Miguéns 1ºESO

-A *ceruda*^{vi} ou *herba das empinxas*^{vii} ten un chorume amarelo, que cura as gretas que saen na pel.

Antía Melba 5ºB

FERIDAS

-Disque queimando un verme inmundo e botando a cinza nunha ferida, cura.
Alberto Iglesias.

-Lava-las feridas con mirto cocido con viño tinto.

David Parada 1ºESO

-Botar terra nas feridas ou deixar que as lamba un can.

Óscar Outeiral 6ºA

VISTA

-Se xuntas a auga de sete fontes que estean unha tras outra e lavas a cara, cúache a vista.

Marisol 8ºC

ANIMAIS

-Para curar os animais, ponse unha vela no cortello do animal enfermo, quémase unha *herba de bruxa*^{viii} e bótaselle polo lombo.

Marisol 8ºC



• O PADRIÑO

Fai disto que vos vou contar uns cantos anos...

Había un home en... que se levaba moi ben cunha familia veciña. Eran coma irmáns, estaban sempre uns metidos nas casa dos outros. A veciña quedou en «estado» e o primeiro candidato para padriño foi quen xa ben vós sabedes...

Pero un día, polo demo dun marco, pola disputa de menos de media «cunca» de terra, os outrora grandes amigos puxéronse a mal.

Cortáronse as falas... e a posibilidade de que o veciño fora o padriño do neno. Mais o home tiña moi metida na cabeza a promesa de ser o padriño, polo que cando naceu a criatura, mellor dito as criaturas, pois foron dous, o veciño ás agachadas achegouse a un pozo, onde estaban as crianzas, coa súa nai que lavaba roupa. O veciño colleu unha pouca auga e facendo o xesto da Cruz dixo: «Eu vos bautizo no nome do Pai e do Espírito Santo».

A nai dos meniños non se decatou de nada, pois estaba moi atenta á súa tarefa.

Este bautizo, poida que non tivese máis transcendencia se non fora que os poucos días unha terrible enfermidade levou aos dous nenos ao outro mundo...

Xa pasaran algúns meses cando o padriño dos nenos viña dunha festa de... e ao pasar diante dun cruceiro escoitou:

-Ola... padriño!

-Non é o teu, que é o meu!

O padriño non parou de correr ata a súa casa. Ao día seguinte foi falar co Sr. Cura e contoulle o que lle pasara. O Sr. Cura deulle unhas certas indicacións...

Tres días despois do primeiro encontro, o padriño, por motivos de traballo, volvía pasar de noite polo mesmo sitio cando volveu a escoita:

-Ola... padriño!

-Non é o teu, que é o meu!

El, moi asustado, díxolles:

-Calade meniños... que son dos dous!. Isto era o que lle mandara dicir o Sr. Cura. A partir daquel día, pasou moitas veces por diante do cruceiro, mais nunca máis volveu escoitar aos seus afillados.

Darío Arufe 8ºA

[i](#) *Ouropés*: Variante dialectal de *Ouropeso*, planta liliácea, cuxo talo espido chega até os cincuenta centímetros de altura. N.C. *Pub*
Dicionário Sotelo Blanco da Língua Galega. Isaac Alonso Estravís.

[ii](#) *Cecimbre*: Planta herbácea, aromática, da familia das labiadas, cultivada e espontánea. Hortelán. *Idem*.

[iii](#) *Figueira chumba*: Chumbeira.

[iv](#) *Herba abelleira*: Xénero de plantas medicinais e olorosas da familia das labiadas. *Melissa officinalis*. *Idem*.

[v](#) *Disipela*: Erisipela. Doenza contaxiosa, acompañada de febre, provocada por un estreptococo e que se manifesta por unha inflamazón da pel
mella e brillante na área infectada. *Idem*.

[vi](#) *Ceruda* ou *herba das empinxa*: Celidonia.

[vii](#) *Empinx*: Verruga.

